

# MÁIS...



## Dixit

Xogo de mesa

## El punto

de Peter Reynolds  
*Serres*

Vashti dice que no sabe dibujar.  
Su profesora cree que sí.  
Porque sabe que todo el mundo tiene  
capacidad creativa dentro de sí. Y que  
donde hay un punto, hay un camino...

Libro da temática da arte

## A Ramona pequena vai á Lúa

de Pakolas  
*Galaxia*

Libro-CD

## Red

de Domee Shi

DVD

## Go away, big green monster!

de Ed Emberley  
*UK TIME WARNER*

Libro en inglés

# INFANTIL

## Pizza Popotamo en el espacio

de Leo Arias  
*Mamut*

En formato cómic: A fama da pizzería de Popotamo  
e probablemente da súa velocidade de entrega deu  
a volta ao mundo e máis alá! Un reto para coello,  
que terá que circular a toda velocidade entre as  
estrelas e todo o que se presente no vacío  
interestelar.



## Bim Bam Bum

de María Girón  
*Kalandraka*

Unha obra fresca e divertida que mostra  
a cara máis lúdica da infancia.



## A visita

de Nuria Figueras  
*Kalandraka*

Un álbum orixinal que nos anima a gozar da soidade  
e do silencio.

Unha proposta necesaria nunha sociedade  
saturada de "ruído".



## Cómo esconder un león en Navidad

de Helen Stephens  
*Bruño*

Cando a súa familia vaise a pasar o Nadal fóra,  
Iris ten que deixar en casa o león.

Este non pode soportar ver tan triste a Iris,  
así que decide irse con eles a escondidas.

Despois de todo, non pode ser moi difícil para un león  
escondese en Nadal, verdade?



# RECOMENDACIONES LECTORAS

## Nadal 2024



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



# 1º CICLO

## Capitán Lentella 2

de Jorge Campos  
*Xerais*

**Banda Deseñada:** Os intrépidos exploradores espaciais Lalo e Rufino, acompañados por Bicudo, continúan a viaxe polo Universo. Un novo encontro coa mosca desviará o seu rumbo unha vez máis, aínda que nesta ocasión non serán os únicos que vaian tras dela... Quen é esa misteriosa xoaniña e a que se refire cando fala da «Chuvia de Estrelas»?

## Mariña e o balón

de Pere Tobaruela  
*Xerais*

Mariña é unha namorada do fútbol e da poesía. Escribe poemas acotío, pero aínda non se decidiu a anotarse nun equipo de fútbol porque pensa que todo o mundo vai ser coma os seus compañeiros da clase, que sempre amolan as nenas que queren xogar co balón no recreo. Con todo, Mariña debece tanto por canear, faltar, pasar, xutar e meter gol que está disposta a solucionar este problema coa axuda das súas amigas.

## A pulga espacial

de Xabier Domínguez  
*Edicións do Cumio*

A Terra atópase en fase terminal debido ao cambio climático. A súa última oportunidade é atopar un mineral, unha fonte de enerxía inesgotable lexicaria. Pero a súa localización é un misterio que fixo que os máis valentes navegantes do Ministerio de Asuntos Extraterrestres fracasasen para conseguilo. A tripulación da PULGA ESPACIAL, unha nave espacial moi peculiar, formada por dous nenos, un can, e un alien, reciben unha chamada especial para iniciar a misión máis arriscada das súas vidas: conseguir o mineral que salvará á Terra.

## Pimpollo

de Leticia Costas  
*Anaya*

Pimpollo non precisa presentación: é o can máis famoso de Internet. Vive a corpo de rei, faltaría máis! O que se merece unha estrela coma el, faltaría máis! Por desgracia, Pimpollo está a punto de descubrir que a vida lonxe da súa mansión de sete baños, jacuzzi e vistas ao mar é moito máis dura do que el se ilía. EXCLUSIVA: A INFLUENCER ELI, DONA DE PIMPOLLO, DESAPARECEU!

# 2º CICLO

## Os vagalumes de Marí

de Alba Míguez  
*Xerais*

Nesta **BANDA DESEÑADA** Marí e unha nena de dez anos que vive feliz ata que o seu pai ten que embarcar por motivos de traballo. Cando o barco está a piques de regresar, o faro da vila estrágase. Marí nunca podería imaxinar que o conto que lle contaba o pai sobre monstros e vagalumes teña algo que ver coa posibilidade de que o faro volva iluminarse antes de que o seu pai chegue a porto.

## Lobo Ramón

de María Canosa  
*Oqueleo-Santillana*

Conta a historia de Morgan, un neno peculiar que apareceu nunha cesta cando era un bebé xunto unha enigmática nota. No seu ombreiro sempre leva a 'Luminaria', unha pequena chama que só el pode ver e coa que pode falar.

## Cuentos por teléfono

de Gianni Rodari  
*Editorial Juventud*

Setenta contos que nacen dunha visión crítica do mundo, chea de realidade e optimismo, que invitan a pensar con amplitude de miras e sen perxucios, sempre polo camiño da tolerancia e a amizade.

## Somos os monstros

de Paula Carballeira  
*Xerais*

Unha nena e un neno pérdense cando saen xogar no bosque arrasado polo último incendio. Un monstro grande e un mostro pequeno habitan nese bosque. Nenos e monstros vanse atopar. O medo dá paso á curiosidade e comezan a interrogarse. Quen son os nenos e quen os monstros? Unha historia divertida e profunda sobre o medo ao descoñecido, que esculca na propia natureza humana. Un texto de teatro.

# 3º CICLO

## Ana de las Tejas Verdes

de Lucy Maud  
*Norma Editorial*

En formato **MANGA** chega este clásico. Os irmáns Marilla e Matthew Cuthbert planean adoptar a un xoven orfo para que lles bote unha man coas tarefas da granxa en Tejas Verdes. Porén, debido a un inesperado error en lugar do xoven acordado chega Ana Shirley, unha rapaza roxa cunha imaxinación desbordante que acabará conquistando aos Cuthbert e ao resto de cidadáns da Illa do Príncipe

## Milú e o edificio das persoas extraordinarias

de Abel Tomé  
*Xerais*

Milú vive coa súa nai na cidade de Parísia, no edificio Les Marginaux, onde todos os nenos que o habitan posúen un don que os fai extraordinarios. O don de Milú é construír soños. Coa escusa de que o edificio está estartelado, as autoridades mandan un aviso para que se desaloxen as vivendas canto antes. Pero Milú e os outros nenos e nenas teñen un plan para tentar evitar que os expulsen dos seus fogares.

## El enigma de Siempreviva

de Andrea Maceiras  
*Anaya*

Senda, a protagonista desta historia, múdase cos seus pais a un pequeno pobo. O matrimonio vai estudar o entorno, moi contaminado, ata o punto de que non crece nada nos arredores. Senda deberá quedarse moito tempo soa dentro da vella escola xunto a Centinela, a súa asistente virtual. Un bo día, dáse conta de que no patio crece un brote. Sae e o rescata, encontrando tamén unha caixa con varios enseres que pertenceron a un neno chamado Olmo. Entre os poucos habitantes que quedan no pobo, Senda pregunta sobre Olmo, pero non lle dan demasiada información, ata que un día atopa unhas coordenadas e decide investigar.

## Que cabe nun calcetín?

de Paula Carballeira  
*Oqueleo-Santillana*

Unha divertida aventura chea de maxia e enredos para rir e xogar ao teatro.